

O CONSORCIO DO LOURO APRAZA O PAGO DAS TAXAS

O Consorcio de Augas do Louro anuncia aos veciños de Porriño, Salceda, Mos e Tui o aprazamento do pago das taxas con motivo da situación de alarma por coronavirus.

O Consorcio valorou os efectos económicos que as medidas de confinamento e cese das actividades decretadas están a provocar especialmente nas familias e pequenos comercios así como as limitacións que esta situación supón aos usuarios para acceder fisicamente ás entidades bancarias. Polo que decidiuse modificar o calendario fiscal de 2020 **aprazando 20 días**, ata o 30 de abril, a data de pago en voluntaria dos recibos de novembro-décembro de 2019, **retrasar dous meses** os prazos de inicio e fin de pago en voluntaria dos recibos de xaneiro-febreiro de 2020 e **retrasar un mes** os prazos previstos para os recibos de marzo-abril de 2020.

TAXAS E P.P.	DATA INICIO	DATA FIN	DATA CARGO CONTA(1)
6º BIMESTRE 2019	10/02/2020	30/04/2020	30/04/2020
1º BIMESTRE 2020	10/06/2020	10/08/2020	13/07/2020
2º BIMESTRE 2020	10/07/2020	10/09/2020	14/08/2020
3º BIMESTRE 2020	10/08/2020	10/10/2020	14/09/2020
4º BIMESTRE 2020	10/10/2020	10/12/2020	09/11/2020
5º BIMESTRE 2020	10/12/2020	12/02/2021	11/01/2021

No relativo aos prazos para o pago en vía executiva, dado que esta xestión está delegada no ORAL, haberá que ter en conta os aprazamentos e suspensións de prazos acordados por este organismo.

Por outra banda, o Consorcio lembra que o importe dos recibos que emite depende en grande medida do **consumo de auga realmente realizado** polo que todos aqueles establecementos que tiveran que cesar a súa actividade durante os meses de marzo e abril verán como se reduce o importe do recibo proporcionalmente á cantidade de auga non utilizada.

O Consorcio informa, así mesmo, que as persoas en risco de exclusión social están exentas do pago das taxas polo que, de darse esta situación a consecuencia do estado de alarma por coronavirus, poden solicitar dos servizos sociais municipais os informes que acrediten esta nova situación para poder acceder a esta exención.

O Consorcio lembra aos usuarios que mantén a súa disposición o número 900810103 así como a súa sede electrónica e páxina web as 24 horas do día.